

Prezada amiga. Prezado amigo.

Dende a Concellería de Cultura, Patrimonio, Turismo, Comercio, Educación e Normalización Lingüística do Concello de Cuntis, temos o pracer de convidala/convidalo aos diferentes actos e actividades que terán lugar durante o vindeiro mes de outubro, con motivo da celebración do que demos a chamar coma o *Mes da Recuperación da Memoria Histórica*.

Xunto con este convite achegamos un cartal e un díptico no cal se indican os diferentes actos, actividades e homenaxes que terán lugar dende o sábado 3 de outubro até o sábado 31 de outubro. Agradecemos de antemán a posibilidade de que dende o seu Concello se lle dea difusión, así como a presenza tanto de vostede coma do resto de membros do equipo de goberno e da corporación municipal a todos e cada un dos actos que terán lugar ao longo do vindeiro mes.

Sen máis, reciba un cordial saúdo.



José Enrique Portela Pisos

Concelleiro de Cultura, Patrimonio, Turismo, Comercio, Educación e
Normalización Lingüística do Concello de Cuntis.